

ACTA Nº 68

ASEMBLEA ORDINARIA

Acta da Asemblea ordinaria, celebrada o día 12 de xuño de 2022, ás 15:30 en primeira convocatoria e ás 16:00 horas en segunda, en Vigo, no Edificio das Federacións Deportivas, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

Asistentes

- | | |
|--|-----------------------------|
| 1. D. Constantino Vila Feijoo | Club ADC. Descubriendo Lugo |
| 2. D. Pascual Bartolomé Verdeal | Club Arteixo Bm. |
| 3. D ^a Monserrat Rey Salorio | Club Bm. Atlántico |
| 4. D. Jesús López González | Club Atlético Guardés |
| 5. D. Andrés Senra Pregal | Club Atlético Novás |
| 6. D. Ismael Lago Rodríguez | Club Bm. Cañiza |
| 7. D ^a Vicente Rúa Santos | Club AD. Carballal |
| 8. D ^a María González Lago | Club Bm. Chapela |
| 9. D. Alberto Mouriño Varela | Club Bm. Línea 21 |
| 10. D. Óscar Fernández Martínez | Club Luceros |
| 11. D. Abel Estévez Carrera | Club Bm. Porriño |
| 12. D. J. Ricardo Vázquez García | Club Bm. Ribadosar |
| 13. D. Fco. Emilio Pintos Soto | Club SD. Teucro |
| 14. D. Pablo A. Rodríguez Castro | Club Bm. Tui |
| 15. D. José Antonio Rodríguez Fraga | Club EB. Xiria |
| 16. D ^a Irene Vilaboa Carrera | Bm. Moaña |
| 17. D ^a Rebeca González Vázquez | Bm. Pabellón Ourense |
| 18. D. Brais Caneiro Bouza | Bm. Narón |
| 19. D. Óscar Allege Iglesias | Bm. Pontedeume |
| 20. D. Iván Reinaldo Vallejo | Bm. Ribeiro |
| 21. D. Rubén González Pérez | Bm. Lalín |
| 22. D. Alberto González González | Bm. Cangas |
| 23. D. Ánxo Canedo Rey | Bm. Culleredo |
| 24. D. Manuel Castro Otero | Atl. Bueu |
| 25. D. Jaime Bouzada Torres | Asmubal Meaño |
| 26. D. Fco. Javier Aguiar Vázquez | Bm. Rodeiro |
| 27. D. Aurelio Krook Moldes | SAR |
| 28. D. David López Nava | Seis do Nadal |
| 29. D. Miguel Ángel Barbeira García | Balonmán Xallas |
| 30. D. Iago Garrido Vilar | Artai Poio |
| 31. D. Fabián González Barreiro | Xogadores/as |
| 32. D. Anco Otero Sieiro | Adestradores/as |
| 33. D ^a . Andrea Cabaleiro Veloso | Árbitros/as |
| 34. D. Victor Manuel Rivera Diz | Árbitros/as |
| 35. D. José Pérez Rodríguez | Árbitros/as |

Preside a mesma o Presidente da Federación Galega de Balonmán D. Bruno López Molina, acompañado polo vicepresidente da FGBm, D. Ignacio Permuy Varela, a Tesoureira D^a. Patricia Sanmiguel García, e a Secretaria Xeral D^a Carla Abad Alonso; ademáis da responsable de competicións Maria Luisa Cardoso Sueiro.

Toma a palabra o Presidente D. Bruno López Molina, saúda aos/ás asistentes/as e comenta que a premura na celebración desta asemblea ven provocada pola convocatoria do proceso electoral, prevista para o vintetres de xuño, e que provocará a disolución da xunta directiva e da asemblea, polo tanto as decisións que deban pasar por este órgano deberían tomarse antes desa data, ademáis a asemblea da RFEBM celebrouse no día de onte, polo tanto había poucas datas para xuntar aos/ás asembleístas.

O presidente comenta os aspectos máis relevantes da asemblea da Real Federación Española de Balonmano, que se celebrou o día anterior, e insta a asemblea a solicitar calquera tipo de aclaración ao respecto; de todos os xeitos aclara que a RFEBM enviará un resumo dos acordos adoptados na mesma; destaca que a RFEBM aínda dispón de prazas en categorías femininas nacionais, polo tanto as propostas que hoxe presentará a xunta directiva da Federación Galega poderían verse modificadas polo que poida ocorrer con esas invitacións; o presidente insiste en que mentres os clubs sigan aceptando prazas sen ser acadadas por méritos deportivos, as categorías nacionais e consecuentemente as autonómicas veranse claramente mermadas no eido deportivo.

O presidente despois de que non houberse ningunha petición de aclaración, comenta as incorporacións dentro da estrutura funcional da Federación Galega de Balonmán de María Fresco e Ana Alonso, a primeira comezou cubrindo a baixa de Patricia Sanmiguel nos meses de novembro a abril e finalmente seguirá dentro do organigrama laboral.

En canto ás competicións, Bruno López, comentou os problemas xurdidos no calendario por mor dos aprazamentos e a gran cantidade de competicións ofertadas; moitas delas para contentar a todos os equipos, comentou que nun momento dado a maioría dos equipos participantes decidiron non rematar as copas federación, comenta que a federación rectificou a tempo e deu un final digno a todas as fases da competicións, pero quere insistir en que os clubs e a masa social puxo o listón nas Final Four, que a nivel económico e organizativo supón un gran esforzo para a federación; polo tanto este ano tratará de diferenciar ben as competicións e aínda que supoña que os equipos xoguen menos partidos, non se ofertarán competicións residuais, é dicir, para completar semanas de competición, ademais de que os equipos que se clasifiquen para sectores nacionais deberán realizar a súa propia preparación para os mesmos e non esperar a que a federación oferte algo que se adapte as súas necesidades. O presidente anima aos clubs a que realicen os seus propios torneos a partires do mes de maio, xa que o calendario de competicións da RFEBM condiciona ao da FGBm, e as opcións para realizar competicións atractivas a partires do mes de abril son escasas.

O presidente informa sobre o seguro deportivo obrigatorio, comenta que está costando conseguir unha oferta equilibrada entre o custe e o servizo sen unha suba da prima. Este ano a sinistralidade disparouse a partir do mes de xaneiro, tendo moitos sinistros na 2^a Autonómica

Masculina, en total houbo máis de trescentos corenta partes de accidente e máis de trinta intervencións cirúrxicas. Bruno López comenta que hai moitas asistencia de urxencias que non se adaptan ao protocolo que a federación fai chegar aos clubs, que ao final o uso irresponsable da póliza transmitírase nun sobre custe para todos/as; di nestes momentos a mellor oferta da que se dispón, mellora en 90.000€ a actual póliza; hai outra que aumentaría un 12% (Asisa) pero as referencias do funcionamento por parte doutras federacións non son boas; a final de mes disporase da oferta definitiva por parte da actual compañía, pero co panorama actual unha suba do 10% podería ser unha boa xestión.

O presidente aclara que para tramitar unha licenza federativa, o CSD mediante un Real Decreto obriga a que todas as licenzas vaian ligadas á contratación dun seguro deportivo obrigatorio cunhas condicións mínimas establecidas, polo tanto a mutualidade profesional no caso de xogadores/as contratados/as non é suficiente; de ahí que en outras modalidades coma o fútbol, un xogador/a de primeira división teña que dispor de seguro deportivo obrigatorio contratado coa federación. Unha vez máis, insta a que o uso do seguro sexa responsable.

En canto ao colectivo arbitral, Bruno López aclara que hai poucos/as árbitros/as, que hai pendente unha labor importante de captación por parte da federación, pero que para iso é necesario que cambie o clima de crispación de rodea a moitos partidos, porque se a xente que empeza o acaba deixando por pasar malos tragos é que entre todos/as non estamos a axudar; este ano sacáronse adiante o 97% dos encontros con designación oficial, pero en moitos casos tan só debería haber alguén que axude aos nenos/as a comprender o regulamento, non un árbitro/a necesariamente, por iso a federación pedirá colaboración para moitas categorías, xa que non pode ser que un árbitros/a pite 8 ou 9 encontros nunha fin de semana; o presidente agradece a labor do colectivo, que estiveron á altura nun contexto nada doado.

O presidente fala do Plan Corresponsables que se leva a cabo coa axuda da Xunta de Galicia, é un proxecto que pretende dar solución á conciliación familiar, de integración social e unha oportunidade única para a promoción do balonmán e a profesionalización das estruturas dos clubs; é un proxecto que vai dirixido a zonas concretas e suporá un primeiro paso para que o balonmán medre en diferentes ámbitos: licenzas, adestradores/as, o presidente comentou en qué zonas se vai implementar e o porqué de cada una delas; explicou tamén porqué non se acudía a alguna área xeográfica polo de agora e concretou en qué consiste a financiación do plan; insiste en que non é para sacar beneficio económico nin para fichar xogadores/as para primeiros plantéis.

En canto ao tema económico, o presidente comenta que se están a pagar as factuas ao día, pero que a próxima celebración do CESA de Balonmán Praia en Sanxenxo, que suporá un orzamento duns 130.000€ aproximadamente, e sumado á Xira Galega de Balonmán Praia (90.000€) e ao Plan Corresponsables (preto de 800.000€) fai que a xestión se complique para non sufrir descensos importantes de liquidez.

Bruno López da paso ás propostas:

Patricia Sanmiguel, tesoureira da federación explica punto por punto a memoria económica coas contas relativas ao 2021; non se plantexan dúbidas e sométese a votación:

1. APROBACIÓN DE CONTAS ANUAIS 2021:

VOTACIÓN: SI:34 NON: 0 ABSTENCIÓN: 0

Queda APROBADA a proposta Nº 1

O presidente da Federación expón a proposta, non hai dúbidas e sométese a votación:

2.1 - COPA E SÚPERCOPA SÉNIOR MASCULINA E FEMININA:

VOTACIÓN: A FAVOR:31 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN: 3

Queda APROBADA a proposta Nº 2.1

O presidente expón a proposta e explica que a Copa Federación se xogará a unha volta en lugar de a dúas, coma o ano pasado. E incide en que todos os anos Galicia dispón dunha única praza de ascenso a nacional, nos últimos anos foi concedida a segunda pero de non obtela, non haberá Final 4.

2.2 - 1ª AUTONÓMICA MASCULINA.

VOTACIÓN: A FAVOR:30 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:4

Queda APROBADA a proposta Nº 2.2

Bruno López comenta que a federación non presenta proposta para a 2ª Autonómica Masculina, xa que consideran que foi a mellor competición da tempada 21-22, e como non se saben os equipos que se van inscribir, preferiuse non tocala.

En canto á xuvenil masculina expone a proposta, deixase claro que a Copa Galicia pasará a denominarse “Fase de Clasificación” e non terá unha fase final, xa que o único obxectivo é o de sacar os cabezas de serie para os Play Off; ao mesmo tempo, tan só poderá xogala un equipo por club, para que non varíe a composición dos Play Off con respecto a esta fase. Outro dos cambios, é que na Final 4 tan só haberá unha praza en xogo, así que de haber máis prazas para sector nacional, na Final 4 correríase un posto na táboa clasificatoria. Sométese a votación:

2.3 - XUVENIL MASCULINA.

VOTACIÓN: A FAVOR:31 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:4

Queda APROBADA a proposta Nº 2.3

O Presidente explica que ademais dos cambios explicados na xuvenil masculina, inclúese que na Liga Ouro tan só haberá 10 equipos en lugar de 12.

2.4 – CADETE E INFANTIL MASCULINA:

VOTACIÓN: A FAVOR:35 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:0

Queda APROBADA a proposta Nº: 2.4

O presidente expón a proposta, e explica que a federación quere modificala, insiste na necesidade de homoxeneizar o nivel dos equipos que se enfrontan entre si; a modificación fai que a proposta consista en: “instar aos clubs a que decidan o formato de competición en función no número de inscritos na reunión de competicións”. Ninguén pregunta e sométese a votación.

2.5 – 1ª AUTONÓMICA FEMININA:

VOTACIÓN: A FAVOR:27 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:7

Queda APROBADA a proposta Nº 2.5

O presidente explica que é exactamente igual á Xuvenil Masculina e sométese a votación:

2.6 – XUVENIL FEMININA:

VOTACIÓN: A FAVOR:32 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:3

Queda APROBADA a proposta Nº 2.6

O representante das Escolas Balonmán Xiria pide que se repitan as datas dos Play Off de todas as categorías, o presidente dá lectura de novo ao aprobado.

A proposta 2.7 comentase que é igual á 2.4, sen cambios e sométese a votación:

2.7 – CADETE E INFANTIL FEMININA:

VOTACIÓN: A FAVOR:32 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:3

Queda APROBADA a proposta Nº 2.7

Ábrese un debate na mesa sobre a proposta 3.1, e xorde a dúbida de se dous equipos dun mesmo club poderían enfrontarse nunha eliminatoria pola Final 4, o representante do Teucro aclara que compartindo xogadoras iso pode supor un beneficio para o club; finalmente o presidente comenta que a proposta non sofre modificacións, para que non poidan coincidir dous equipos do mesmo club na mesma fase de competición e sométese a votación.

3.1 – ARTIGO 9: PARTICIPACIÓN, ASCENSOS/DESCENSOS:

VOTACIÓN: A FAVOR:33 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:1

Queda APROBADA a proposta Nº 3.1

A responsable de competicións da federación expón a proposta, non se amosan dúbidas e sométese a votación:

3.2 – ARTIGO 13: NORMATIVA E CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN:

VOTACIÓN: A FAVOR:33 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:1

Queda APROBADA a proposta Nº 3.2

A responsable de competicións da federación expón a proposta, insiste na obrigatoriedade por parte dos equipos de realizar a convocatoria. A responsable de C.Bm. Atlántico e Víctor Rivera (representante árbitros) trasladan algún problema de funcionamento da App, mentres que o representante do Asmubal Meaño pregunta porqué non se pode realizar a aliñación por parte dos oficiais, o representante de Ribadosar ratifica os problemas para que un/unha oficial realice a aliñación; o representante do Bm. Porriño aclara que dende o Misquad do club calquera pode realizar a convocatoria, mentres que o de Cangas aclara que non todos os técnicos/as poden ter acceso a esas claves; unha vez pechado o debate, e vendo que a App ten aspectos a mellorar, o presidente di que a federación retira a proposta 3.2, esperando a mellorar os aspectos tratados.

3.3 – ARTIGO 24 i);

Queda RETIRADA proposta Nº 3.3

A responsable de competicións da federación expón a proposta, non se amosan dúbidas e sométese a votación:

3.4 – ARTIGO 36:

VOTACIÓN: A FAVOR:34 EN CONTRA:0 ABSTENCIÓN:0

Queda APROBADA a proposta Nº 3.4

O presidente aclara que dada a situación actual da Covid 19 non ten sentido manter as disposicións aprobadas durante a pandemia; non hai dúbidas e sométese a votación:

3.5 – DEROGAR TODAS AS DISPOSICIÓN APROBADAS POLA COVID19,

VOTACIÓN: A FAVOR:33 EN CONTRA:1 ABSTENCIÓN:1

Queda APROBADA a proposta Nº 3.5

O presidente pide ao responsable do CB. Atlántico que suba á mesa e expoña a súa proposta, ante a argumentación realizada polo mesmo, o representante do Bueu Atlético di que esa proposta está realizada para solucionar unha casuística concreta, pero que iso non resolve o verdadeiro problema co que se poden atopar moitos clubs, di que deberíamos regular esa situación de xeito máis xenérico; o representante do Bm. Pontedeume pide aclaración sobre se se podería vincular equipos xuvenís tendo equipo sénior, o presidente aclara que segundo a proposta a resposta sería “non”. O presidente di que a proposta está traballada, que está de acordo en que non soluciona a problemática real se non un caso concreto. O responsable das Escolas Balonmán Xiria pide que se realice unha reunión na que se poida perfeccionar a proposta. O CB Atlántico modifica a proposta e aclara que afecta ás categorías infantís, cadetes e xuvenís e que os equipos que se acollan á vinculación non poderán xogar eliminatoria pola Final 4, nin a Final 4, nin acudir ao sector nacional. Sométese a votación:

4.1 – EQUIPOS VINCULADOS

VOTACIÓN: A FAVOR:14 EN CONTRA:11 ABSTENCIÓN:9

Queda APROBADA a proposta Nº 4.1

O presidente comenta que non é consciente do traballo que implicará o control e a adaptación das aplicacións informáticas a esta proposta, polo tanto pide paciencia durante este ano que será de adaptación á mesma.

En canto á proposta 4.2 o representante do Balonmán Culleredo expón o contido da mesma, o presidente da federación di que non lle parece serio levar propostas a asemblea que tan só miren polos intereses dalgúns clubs en detrimento dos demais, que esa proposta deixa a varios clubs nunha situación de desamparo competitivo e que a federación como mínimo debe rebatir algo que vai en contra do interese xeral; que o que non pode ser que en Coruña haxa equipos para os que desprazamentos de quince minutos supoñan un problema tan só cando a dirección na que se realicen non sexa a que lles interesa, que con esta proposta Ribadosar, Camariñas, Xallas, Viveiro ou Pontedeume saen notablemente perxudicados, xa que poden competir nun grupo de catro equipos mentres que a vinte ou a corenta e cinco minutos hai un grupo de vintecatros equipos. O representante do Bm. Culleredo di que tan só é unha proposta, pero Bruno López insiste en que é preocupante que se presenten estas cuestións nunha asemblea contando só cos equipos interesados, que esta proposta podería realizarse na reunión de competicións e aínda así sería non avanzar, é un debate de moitos anos na provincia de A Coruña e sempre cos mesmos clubs; pide avanzar e mirar o interese común, xa que se o balonmán desaparece en zonas que actualmente están máis afastadas xeograficamente, o problema será para todos/as. O representante do Bm. Luceros di que esta proposta atenta contra a que se leva tantos anos intentando conseguir, que é dar competición a todos os núcleos balonmanísticos da comunidade, de feito, os clubs de A Coruña non deberían esquecerse de que Pontevedra aceptou no seu día unificar as competicións para que os equipos de Coruña tivesen unha competición máis atractiva, a pesar de supor unha inversión económica e de tempo para os clubs do sur. Sométese a votación a proposta:

4.2 – LIGAS BALONMÁN 5 GRUPO NORTE

VOTACIÓN: A FAVOR:5 EN CONTRA:26 ABSTENCIÓN:3

Queda RECHAZADA a proposta N^o 4.2

O presidente da Federación Galega de Balonmán insiste en que o formato das competicións de alevíns e benxamíns está supeditado ás reunións de competicións que se realizarán a comezos de tempada, pero que na tempada 22/23 coma novidade e tras aprobación da Xunta Directiva, dentro da competición federada entrará en calendario a Copa Deputación A Coruña, que se disputará na rúa e se levará a cabo na modalidade de Minibalonmán, tras un acordo ao que se está a chegar coa Deputación Provincial de A Coruña.

Bruno López, deu paso á quenda de rogos e preguntas.

O representante do Bm. Tui pregunta como quedará o tema da auga aos equipos visitantes, e propón que cada deportista leve a súa auga, porque a cantidade de plástico que se gasta é moita. O presidente di que na reunión que se realizará cos/as responsables de protocolo poderán realizarse propostas para a facer unhas competicións sostibles, pero a día de hoxe coa derogación das dispoiscións covid a normativa indica que o equipo locatario deberá por auga a disposición do equipo visitante.

Con respecto á convocatoria de seleccións galegas, o presidente insiste en que moita da información que chega aos clubs non se traslada á masa social do club, e entre outras cousas, houbo xogadores/as que non se enteraron de que estaban convocados pola selección galega, polo tanto este ano, despois de enviar a convocatoria ao club, enviárase tamén aos/ás interesados/as.

O presidente aclara tamén que os club local é responsable do comportamento das gradas, que se dende os clubs se está permitindo absolutamente e se hai faltas de respeto, consumo de alcohol, ou conductas violentas, o club local deberá porse en contacto coas forzas da orde pública para identificar e desaloxar á xente que incumpra coa normativa; o representante da A.D. Carballal di que eles non teñen porqué facer nada que non son responsables do que fagan os demais; Bruno López di que non vai debatir sobre iso, simplemente o invita a que revise a normativa porque ese comentario denota un claro descoñecemento da mesma, e que si estamos discutindo sobre iso é que a situación é máis preocupante do que se pensa; que un/unha debe ser consciente do que supón ser directivo/a de club.

O presidente despide a asemblea e agradece a asistencia e implicación de todos/as e di que será a última asemblea de esta xunta directiva, que espera que os clubs sentiran que durante estes tres anos e medio a federación estivo para axudar e que espera que o futuro sexa mellor.



Bruno López Molina



Carla Abad Alonso

En Vigo a 12 de xuño de 2022